



Vente
cos



Boletín de inscrición ao concurso

D./Dna. (nome do pai/nai/titor/a), _____ DNI _____

Enderezo _____ Localidade _____

Teléfono de contacto _____ Correo electrónico _____

Solicito a inscrición no concurso "Vente cos reis magos" 2024/25 da/o seguinte menor da/o que son responsable:

Nome _____ Apelidos _____ Data de nacemento _____

E, en consonancia coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, CONSINTO expresamente a publicación das imaxes nas cales apareza a/o menor da/o que son responsable, individualmente ou en grupo, que se poidan realizar en vía pública, nas diferentes secuencias durante o desfile da Cabalgata de Reis 2025.

Sinatura do pai/nai/titor(a)

Información básica sobre tratamentos de datos

Responsable: Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Finalidade: Instrución do procedemento do Concurso Vente cos Reis Magos 2024/25, cuxo obxecto é a selección de corenta nenas/os máis doce suplentes para participar no desfile da Cabalgata de Reis 2025.

Lexitimación: Consentimento expreso.

Destinatarios dos datos: Concello de Vigo. Non se prevén cesións ou transferencias de datos.

Exercicio de dereitos sobre protección de datos:

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión dos seus datos e demais que lle recoñeza a normativa reguladora a través da Sede electrónica do Concello

de Vigo (www.hoxe.vigo.org) e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contacto do delegado de protección: dpd.vigo@vigo.org

Procedencia dos datos: Pais/nais/titores dos menores.

Información adicional: O tratamento e protección destes datos realízase de conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.

Reis Magos

Bases de participación do concurso
"Vente cos Reis Magos 2024/25"

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos, en total, para acompañar aos Reis Magos na Cabalgata de Reis, que terá lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2025. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carreiro Real.

2. Requisitos de participación: Neste concurso poderán participar as nenas e os nenos da cidade que o desexen, coa limitación da idade, por motivos de seguridade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016, ambos incluídos. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3. Lugar de presentación de solicitudes: As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carreiro Real instaladas na entrada á Lonxa da Casa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns.

Para participar só será necesario cubrir a solicitude de participación que poderá descargarse da páxina web municipal (www.vigo.org) así mesmo repartiránse exemplares entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.

Só se aceptará unha solicitude por nena ou neno, sendo eliminados do concurso aquelas persoas que presenten máis dunha.

O período de inscrición será do 20 de novembro ao 10 de decembro de 2024, ambos incluídos. Finalizado o prazo de inscrición elaborárase unha lista de participantes. Ao abeiro de dita lista convocarase sorteo público.

4. Protección de datos: A protección de datos garante o dereito da cidadanía a controlar os seus datos persoais e a dispor e decidir sobre os mesmos. Toda a cidadanía ten o dereito fundamental á protección da súa privacidade e dos seus datos persoais.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se reciban a través desta sede electrónica axustarase aos principios e obrigacións establecidos no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RGDP), relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos, e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos

dereitos dixitais. O Concello de Vigo comprométese ao cumprimento da súa obrigaón de confidencialidade con respecto aos datos de carácter persoal que poidan ser solicitados a través dos servizos da súa sede, e ao seu tratamento. Para estes efectos, adoptaranse as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

A recollida e tratamento automatizado de datos de carácter persoal ten como única finalidade a prestación dos servizos solicitados, e o seguimento de consultas realizadas polas persoas usuarias.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da finalidade, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Con carácter xeral non se comunicarán os datos persoais a terceiros, salvo obrigaón legal, entre as que poden estar as comunicacións a xuíces e tribunais.

En todo momento poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición solicitándoo á Dirección da Axencia por calquera medio que deixe constancia do seu envío e da súa recepción.

Máis información: https://sede.vigo.org/expedientes//sede_textos/texto.jsp?id=sede_lopd&lang=gal

5. Lugar e data do sorteo: Finalizado o prazo de inscrición convocarase o sorteo público, que se realizará ante un funcionario/a municipal que teña asignada a fe pública, para a selección dos corenta (40) participantes. Ademais das nenas e nenos seleccionadas/os, elixiránse doce suplentes para cubrir posibles baixas ou ausencia. Do resultado do sorteo elaborárase unha lista dos 40 candidatos seleccionados e unha lista de 12 suplentes.

O sorteo realizarase o 16 de decembro de 2024, ás 12:00 h, no Auditorio Municipal da Casa do Concello.

6. Documentación a achegar das persoas seleccionadas: Os pais, nais ou titor/es das nenas e dos nenos seleccionados no sorteo deberán, previa comunicación do Servizo de Festas, achegar a seguinte documentación:

- A autorización de participación da nai/pai/titor/a do neno ou nena, segundo modelo facilitado polo Servizo de Festas.
- A autorización para o uso de imaxes dos nenos e nenas participantes que se obteñan na vía pública.
- DNI ou libro de familia no que se acredite a idade do neno ou nena.
- Documento acreditativo da súa condición de pai, nai ou titor/a do menor seleccionado.
- Un número de teléfono de contacto onde localizar ao pai/nai/titor/a e unha dirección de correo electrónico onde notificar o requirimento de documentación.

No caso de non achegar esta documentación no prazo indicado polo servizo de festas, o concello poderá decláralos decaídos da súa solicitude de participación, e procederse a un novo chamamento na lista de suplentes.

O neno ou nena, que por razóns persoais, non poda asistir á cabalgata, deberá comunicalo o antes posible ao servizo municipal de festas, co fin de cubrir dita praza.

7. Seguro de Responsabilidade Civil: O Concello de Vigo disporá dunha póliza de responsabilidade civil que cubra os danos ocasionados ou sufridos polos participantes no desenvolvemento deste evento.

8. Órgano competente: A Concellería da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

9. Publicidade: As bases de participación neste concurso publicaranse nun anuncio na web municipal www.vigo.org e nos medios de comunicación locais.

10. Outras obrigas: A inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. Todo neno ou nena que participe como figurante na cabalgata, deberá ir acompañado en todo momento por un adulto responsable. Este adulto, estará obrigado a participar nunha charla informativa sobre seguridade que será impartida por este concello o día 2 de xaneiro de 2025 ás 11:00 h no auditorio municipal; e deberán colaborar co persoal encargado da organización do evento durante o recorrido da Cabalgata.